

CONCLUSIÓNS DO SEMINARIO «DESENVOLVEMENTO RURAL E ESPAZOS NATURAIS» (VILARIÑO DE CONSO, XUÑO DE 2018)



Pastoreo de ovellas na parroquia de Pradoalbar.



Asistentes ao seminario en Vilariño de Conso.

Do 8 ao 10 de xuño de 2018 celebrouse en Vilariño de Conso o Seminario «Desenvolvemento rural e espazos naturais», organizado pola Fundación Juana de Vega, a petición do Concello de Vilariño de Conso, coa colaboración do grupo de investigación Análise Territorial (1871) da Universidade de Santiago de Compostela. Coa participación de máis de corenta asistentes, contou coas achegas dunha ducia de expert@s na materia que interviñeron tanto para reflexionaren sobre cuestións temáticas (biodiversidade e paisaxes vencelladas ás actividades humanas, silvicultura sustentábel, turismo rural, etc.) como para achegaren modelos de distintos países que ofrecen alternativas de interese para Galicia (Francia, Italia e Portugal):

- Valerià Paül (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela).
- Josep Maria Panareda (Institut d'Estudis Catalans).
- Johan Milian (Département de Géographie, Université Paris 8).
- Ana Firmino (Departamento de Geografía e Planeamento Regional, Universidade Nova de Lisboa).
- Giacomo Zanolin (Dipartimento di Mediazione Linguistica e di Studi Interculturali, Università degli Studi di Milano).
- Gaspar Bernárdez (Departamento de Produción Vexetal, Universidade de Santiago de Compostela).
- Manuel Rodríguez (Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela).
- Rubén C. Lois (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela).
- Augusto Pérez Alberti (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela).



Melisa Macía, Alcaldesa de Vilariño de Conso, e José Manuel Andrade, Director da Fundación Juana de Vega, na inauguración do seminario.



Visita a un souto recuperado na aldea de Conso. Debateuse arreo *in situ* sobre as posibilidades e os problemas do sector da castaña en Galicia.



Valerià Paül, Coordinador do Seminario, na súa intervención inaugural, na que formulou a problemática en termos xerais.



Visita ao val glaciario e ás morenas de Chaguazoso, con explicacións sobre pastoralismo e biodiversidade nesa área en concreto.

Nas distintas sesións desenvolvidas no Salón de Plenos do Concello de Vilariño de Conso, o debate acerca dos espazos naturais protexidos e as súas implicacións en termos de desenvolvemento rural formulouse sobre todo a unha escala do territorio galego, mais tamén con lupas á realidade do conxunto das Serras de Queixa e San Mamede e, en concreto, á Zona de Especial Conservación denominada «Macizo Central», na que se inclúe o Parque Natural do Invernadeiro. Foi moi relevante, asemade, o traballo de campo para comprobar sobre o terreo as cuestións tratadas, estruturado en dous percorridos: un na parroquia de Chaguazoso (morenas, lugar das Lagoas e val glaciario do Cenza asolagado) e outro na de Pradoalbar (do núcleo até os pés do Castelo da Cerveira). En ambos os dous casos dialogouse co/as gandeir@s locais.

O Seminario comezou por recoñecer a contradición habitual existente entre desenvolvemento rural e espazos naturais protexidos. En efecto, resulta frecuente que en Galicia se perciba que a protección da natureza implica prohibicións, de xeito que se adoita entender como unha imposición externa aos intereses locais. Asemade, arguméntase acotío que moitas das actividades rurais estragan os valores naturais, polo que hai posturas que sosteñen a necesidade de regulalas e mesmo limitalas e impedi-las. O traballo realizado durante tres días permitiu dalgún xeito superar a parálise asociada a este paradoxo inicial, a través das seguintes constatacións:

- A natureza galega foi moldeada polo ser humano ao longo dos séculos. Resulta empobrecedor seguir a separar a natureza da cultura, ou o patrimonio natural do cultural, coma se fosen dúas realidades distintas, mesmo opostas. Isto non implica que se teña que aceptar calquera actividade antrópica que se proxecte agora no medio natural, mais si reivindicar o papel secular da agricultura, da gandaría ou da silvicultura na creación de ambientes, ecosistemas e paisaxes que, co abandono e as transformacións do rural acontecidos nas últimas décadas, están a se perder de forma irreparábel. A conservación da natureza que se precisa en Galicia debe amparar e recoñecer o papel capital das actividades rurais tradicionais na conformación da actual natureza galega e procurar mecanismos para que as primeiras sigan vivas, co obxectivo de manter a segunda.
- Os espazos naturais protexidos poden constituír unha oportunidade de ouro para o desenvolvemento rural, tal e como acontece noutras realidades territoriais presentadas e debatidas no Seminario. En particular, constátase a necesidade de optar pola activación do sector agrogandeiro a través de produtos que se dean vencellado de forma clara cunha contorna de alta calidade ambiental, por exemplo a carne criada en pastos de altura, o leite producido neses lameiros, as castañas dos soutos ou o mel das uceiras. En efecto, resulta fundamental que esas producións se individualicen fronte ás doutros lugares, que se xere unha cadea de valor potente (ao redor de tortas de castaña, queixos, etc.) e que, asemade, estas producións e produtos se poidan consumir ou mercar no propio territorio: na restauración mediante gastronomía de calidade e no comercio local.
- Talvez en Galicia se teimase excesivamente no turismo rural en espazos protexidos e/ou rurais. Existen abondosas evidencias de que esta modalidade turística non dá xerado o tecido socioeconómico necesario para poder sustentar un desenvolvemento rural de calado, cousa que, en troques, si que pode acontecer co liderado dun sector agropecuario renovado. O turismo rural e/ou da natureza pode ser un complemento, mais o medio rural ten que estar vivo de seu, con ou sen visitantes. Neste punto, resulta conveniente formular opcións turísticas que estean en comuñón directa coas paisaxes presentes do territorio e non reproduzan os lugares comúns presentes en todos os sitios. No caso do ámbito de traballo do Seminario, explorouse por exemplo a posta en valor das espectaculares paisaxes da floración primaveral de uces e xestas (*superbloom* en inglés) e da caída de follas no outono das árbores caducifolias (*fall foliage*), tal e como acontece noutros países. A demanda turística en territorios que contan con espazos naturais protexidos é experimentada, informada e non procura sofisticación senón autenticidade.
- Emerxe a necesidade de optar por modelos de espazos protexidos máis cómplices co territorio no que se insiren, necesariamente participados, de xeito que as comunidades rurais os fagan seus. Por suposto que non todo é válido nos perímetros protexidos, mais isto en caso ningún pode implicar que a xente se sinta sistematicamente excluída ou afastada deles. Correspóndelle ás administracións procurar os equilibrios para garantir que se dea xerado un diálogo público honesto ao seu redor, sen perder nunca de vista que existen actividades incompatíbeis coa conservación da natureza, tales como a inmobiliaria, a mineira ou a reforestación con especies alóctonas.
- Tamén é unha evidencia que Galicia é a comunidade autónoma con menor superficie protexida en termos porcentuais. Non ten sentido perpetuar esta

situación, non porque a cantidade importe por si mesma, senón dado que o incremento da área protexida pode ser unha oportunidade para repensar a xestión do territorio con máis valor natural —que, abofé, é maior có actualmente protexido—, en diálogo coa sociedade civil. A estrita protección que se está a aplicar no Parque Natural do Invernadeiro insírese nun modelo de espazos naturais que debe ser progresivamente superado por outro que actúe en positivo nos territorios obxecto de conservación. O obxectivo é que as comunidades locais entendan as figuras legais como revulsivos e non como atrancos ás súas formas de vida.

- Un medio rural vivo, con actividades económicas, é a única garantía ante o flaxelo permanente dos lumes. As devasas e os investimentos masivos en extinción son un parche nun territorio hoxe «a monte», maioritariamente sen valor real para os seus habitantes. Sendo conscientes de que non é posíbel volver a pretéritos modelos produtivos, a única opción viábel para frear o abandono destes ámbitos consiste en pór en práctica ferramentas que dinamicen en chave social e ambiental as economías locais.



Grupo de participantes no Val de Cerveira (parroquia de Pradoalbar), co Castelo de Cerveira ao fondo.



Johan Milian na súa intervención sobre Francia, nomeadamente sobre os parques naturais rexionais.



Ana Firmino expón os problemas de Portugal: lumes, proceso de desertificación, etc., combatidos mediante distintas experiencias alternativas.



Gaspar Bernárdez refírese á silvicultura sustentábel en Galicia. Pon o fincapé na necesidade dun novo modelo forestal.

No Seminario debateuse arreo sobre a situación particular do concello de Vilariño de Conso. Existen iniciativas en marcha que son esperanzadoras no sector primario, mais o relevo xeracional non está sempre garantido. Tamén resulta preocupante a demografía: ao forte despoboamento experimentado durante as últimas décadas,

cómpre sumar un nivel de avellentamento crítico e o perigo do peche da escola, que tanto implica funcional e simbolicamente para un concello rural cativo.

A implantación de ferramentas de protección cómplices cun modelo de desenvolvemento rural integral podería axudar neste sentido. En Francia, os parques naturais non son só instrumentos de conservación da natureza senón, tamén e sobre todo, pactos territoriais para o desenvolvemento territorial, en concertación entre distintos niveis político-administrativos e a sociedade civil organizada e non organizada, o que inclúe o tecido socioeconómico. Este modelo semella unha boa práctica de referencia, que permitiría superar as eivas detectadas na xestión da Rede Natura 2000 e do Parque Natural do Invernadeiro no concello estudado, así como nos da contorna. Sen entrar nunha cuestión nominal, talvez experiencias nas que se optou por unha denominación tipo «parque rural» ou «paisaxe cultural» poderían ir, tamén, nesta dirección máis proactiva.

En todo caso, cómpre revisar con urxencia o modelo de xestión de visitantes vixente nos Montes do Invernadeiro e establecido en 1990, baseado na petición dunha autorización administrativa previa para a entrada. Non só atranca o desenvolvemento territorial da rexión circundante senón que é consecuencia dun exceso de celo innecesario.* Este tipo de modelo só ten sentido en casos de saturación de demanda, o cal dista de ser a situación aquí.

Desde finais dos anos 1970 existe a proposta de implantar un Parque Natural das Serras de Queixa e San Mamede. É unha idea que volveu estar sobre a mesa na primeira década do século XXI, ao redor do ano 2008. Superando os modelos herdados, o Parque Natural podería ser unha oportunidade para concibir e implantar un desenvolvemento territorial de concellos que partillan unhas mesmas montañas, unhas mesmas potencialidades e uns mesmos retos.

A escala supramunicipal, o Parque Natural das Serras de Queixa e San Mamede podería optar por un modelo de cooperación interadministrativa e un apoio decidido polas actividades agrarias, gandeiras e silvícolas compatíbeis coa conservación da natureza. Este Parque Natural debese internalizar como activo de seu o patrimonio existente na zona (pegadas do glaciario, formacións forestais singulares, curros, cabanas de pastor, estantes e abanzos, castros, toponimia, etc.), que aínda agarda ser estudado, comprendido e espallado. Isto, lonxe de levarse a cabo a efectos meramente promocionais, debese ser un xeito de reforzar a autoestima d@s habitantes do territorio, condición previa de calquera verdadeiro desenvolvemento humano.

Vilariño de Conso/Santiago de Compostela/San Pedro de Nós/Braga, xuño de 2018.†

* Non é a primeira vez que se reclama este cambio. Nunha secuencia con certeza non exhaustiva, cómpre destacar as conclusións dun obradoiro de ordenación turística deste Parque Natural celebrado en 2008 (publicadas como Paül, V. et al. (2011): «Directrices para un Programa de uso público do Parque Natural do Invernadeiro», en Paül, V., Araújo, N. e Fraiz, J. A.: *Manual de turismo na natureza e a súa aplicación en Galicia*. Vigo: Universidade de Vigo, p. 193-205); un artigo científico acerca do turismo neste Parque Natural aparecido nunha revista de referencia (Paül, V. (2009): «El turismo en el Parque Natural do Invernadeiro. Situación heredada y perspectivas de cambio», *Cuadernos de Turismo*, 24: 135-167, dispoñible en: <http://revistas.um.es/turismo/article/view/92691>, consulta o 14/6/2018); ou as conclusións dunha xornada de debate convocada pola sociedade civil a finais de 2016 (unha das novas de prensa resultantes foi: Redacción de La Región (2016): «Expertos solicitan ampliar el uso turístico de O Invernadeiro», *La Región*, 4/12/2016, dispoñible en: <http://www.laregion.es/articulo/monterrei/expertos-solicitan-ampliar-uso-turistico-invernadeiro/20161204103109668723.html>, consulta o 14/6/2018).

† Texto preparado polos coordinadores do curso, Valerià Paül e Martín Agrelo, coa contribución de Beatriz Suárez e Manuel Rodríguez.